

# TRES IDÉNTICOS DESCONECIDOS

[Tim Wardle, 2018]

# 486

ESTREA EN NUMAX: 15.02.2019 | V.O.S.E. | TP

*Three Identical Strangers* (2018, 96')

**Dirección:** Tim Wardle

**Participación:** Eddy Galland, David Kellman, Andrew Lovesey, Robert Shafran

**Son:** Kim Tae Hak, Omar Milano, Texas Chad Orororo, Nas Parkash, Merce Williams

**Montaxe:** Michael Harte

**Música:** Paul Saunderson

**Dirección de arte:** Rachel Mathews

**Vestuario:** Dawn Thompson

**Fotografía:** Tim Cragg

**Produtoras:** RAW (Reino Unido)

**Distribuidora:** Versus Entertainment

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2018 (Premio Especial do Xurado), BAFTA 2018 (Nomeado a mellor documental)

## FILMOGRAFÍA

*One Killer Punch*, 2016

*Lifers: Channel 4 Cutting Edge*, 2012

## SINOPSE

Nova York, 1980: tres completos estraños descubren accidentalmente que son trillizos idénticos, separados no momento do nacemento. Unha alegre reunión tras 19 anos catapúltaos á fama internacional, pero tamén abre un segredo extraordinario e inquietante que vai alén das súas propias vidas e podería transformar a nosa comprensión da natureza humana para sempre.

«Wardle conta unha historia cativadora sobre tres nenos felices que se converteron en tres homes infelices»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN ★★★★★



## “Interésanme máis as áreas grises que a dicotomía entre o ben e o mal”

Entrevista con Tim Wardle

Por Elena Lazic

### A estrutura do filme é sorprendente se ben o grosso da narración avanza cronoloxicamente. Por que o tomaches esa decisión?

Unha das cousas que máis me enorgullecen do filme é a súa estrutura. É inusual porque combina dúas tradicións diferentes do cinema documental que non adoitan confluír nun mesmo filme. Temos o tempo pasado da historia, con entrevistas e materiais de arquivo; e o tempo presente, con elementos observacionais que seguen o que está a ocorrer hoxe en día. Eses dous tempos adoitan figurar por separado no cinema. Como coñeciamos moitísimos detalles da historia, fomos quen de mudar a estrutura para que fixese funcionar o arco emocional dos personaxes. Ademais durante a gravación do filme foron xurdindo novos elementos. Practicamente cada día tivemos que facer pequenas modificacións, se ben o tema principal do filme estivo sempre aí.

### O filme trata a experiencia desde a crueldade sufrida polos nenos e as súas familias, máis tamén tenta responder o dilema de natureza vs. crianza

### [nature vs. nurture]. Como acadaches o equilibrio que che permitía criticar o experimento e responder as preguntas sen explotar os trillizos de novo?

Primeiramente puxen en contexto os experimentos, non me interesaba dicir: «estes científicos eran xente malvada». A min o que máis me interesa do comportamento humano no documental son áreas grises, non a dicotomía entre xente boa e mala. Na escena cunha das científicas vémosla na súa casa coa imaxe de personaxes como Barack Obama. Así mostrabamos que non era unha nazi endiañada. Esa dualidade na natureza humana é o que me interesa. En todo caso son consciente de que o dilema *nature vs. nurture* é fascinante e universal. E creo que os trillizos estaban felices por tórmolo explorado se ben seu interese principal era denunciar as inxustizas que tiñan sufrido. Coido que o meu deber como cineasta é entender que ao público lle van interesar as cuestións con maior amplitude. Para min os mellores documentais inclúen unha narración brillante no seu interior, máis tamén formulan preguntas amplas.

### Dixécheslle aos personaxes que o filme ía ter esta estrutura, na que as cousas se ían ir revelando aos poucos, segundo ían tendo lugar?

Tiña unha idea da estrutura pero boa parte das revelacións agromaron na montaxe. Traballei cun brillante montador, Michael Harte, e dedicamos moito tempo a dosificar a información. A narración é maiormente cronolóxica mais ás veces veremos cousas desde unha perspectiva concreta e máis adiante completamos a información, ou empregaremos un mesmo material de

arquivo con diferentes significados á luz do que soubemos anteriormente. Pero, respondendo a pregunta, non discutín nada disto co resto do equipo. Coido que cando fas un documental tes que ter uns obxectivos claros, aínda que cómpre estar aberto a certos cambios.

### Ademais dos arquivos do pasado e as imaxes gravadas en tempo presente, hai secuencias reconstruídas. Que te levou a emprender as reconstrucións?

O filme abre con Bobby, un rapaz novo, de 19 anos, que vai a un colexio por vez primeira. Nunca estivera antes alí, pero os demais actúan como se o coñecesen. O seu irmán xemelgo tiña cursado no centro antes, mais ninguén sabía que tiña un xemelgo. Foi esa coincidencia a que fixo comezar todo o filme. Para min, o comezo do filme é moi importante pois é aí onde podes enganchar o público, e realmente quería que os espectadores se metesen na pel de Bobby. O problema é que non tiña arquivo real antes de que os trillizos se reuniron por primeira vez así que había que meter algunha imaxe nese lugar. Debatesmos longo tempo e, finalmente, decidimos que a reconstrución era o mellor medio para conseguir que o público se identificase co personaxe.

### Os intres nos que vemos os irmáns a falar sobre a primeira vez que se viron semellan realmente felices.

Ao falar dese período a todo o mundo se lle alumaba a cara. Non esquecen a felicidade deses primeiros días, mesmo sabendo da tristura que viría despois.

Publicado en seventh-row.com  
Tradución: Xan Gómez Viñas

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org



**4€**  
**Faite  
NUMAX!**



**Abónate  
agora e ven  
sempre por**